

INFORME sobre o proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio.

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto e estrutura

O obxecto desta orde é modificar a Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello regulador común e nomear o seu consello regulador provisorio.

O proxecto de orde estrutúrase nun único artigo, unha disposición derradeira única e un anexo.

2. Marco normativo e competencial

O artigo 32 da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, establece que regulamentariamente establecerase o procedemento para a tramitación do recoñecemento das denominacións de calidade, de conformidade coa normativa da Unión Europea e coa lexislación básica estatal.





O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, no seu artigo 4, establece que para as posteriores modificacións dos regulamentos, deberase presentar ante a consellería competente en razón á natureza do produto a proposta de modificación sometida a debate e aprobada polo pleno. Esta proposta seguirá os trámites contemplados no devandito artigo para a solicitude de recoñecemento e precisará de aprobación por orde da persoa titular da consellería competente en materia de agricultura que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

O Regulamento vixente da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega y Vaca e Boi de Galicia e do seu Consello Regulador común e se nomea o consello regulador provisional aprobouse mediante Orde do 23 de xuño de 2017 da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 124, do 30 de xuño).

Polo demais, e no que se refire á competencia, de conformidade co disposto no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30.1.tres e catro, determina que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución, a competencia exclusiva, en materia de agricultura e gandería e denominacións de orixe en colaboración co Estado.

De conformidade co Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural a Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración Pública galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida nese decreto.

O expediente relativo ao proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello





regulador común e se nomea o consello regulador provisorio está integrado pola seguinte documentación:

-Acordo de inicio da tramitación do anteproxecto de orde, asinado polo titular da consellería do Medio Rural en data 05.04.2024

-Memoria xustificativa asinada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

- Informe da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de data 10.04.2024.

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta encadrouse no procedemento legal e nas prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De conformidade co artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería do Medio Rural tivo lugar en data 11.04.2024.

O texto foi publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, en cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na fase final da tramitación, foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 23.05.2024

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba





o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Jorge Atán Castro